



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 21 de setembro do 2023, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello de Oleiros.

Asistentes

- **Presidenta:** D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
 - D^a Ana María Vázquez Fernández, Técnica de Contratación
 - D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor do Concello.
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García, administrativo da Área de Contratación
- **Técnicos asistentes:**
 - D. David Puñal Prol, Xefe da unidade de Parques e Xardíns, para a licitación nº 2023/CONTRAT/000069; en substitución de D. Ramón E, Martín Palma.
 - D. José Luis Jares Vázquez, Arquitecto Técnico Municipal, para a licitación nº 2023/CONTRAT/000110
- **Público asistente:**
 - D^a Cristina Coladas Rodríguez, en representación de APECCO, para as licitacións nº 2023/CONTRAT/000065 e 2023/CONTRAT/000110

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Orde do día

1.- 2023/CONTRAT/000065: EXECUCIÓN DUN EDIFICIO MULTIUSOS EN BASTIAGUEIRO

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede.

2.- 2023/CONTRAT/000069: ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE PARQUES E XARDÍNS.

Acto público de:

- Dítame sobre das ofertas incursas na situación de anormalmente baixas
- Valoración, se procede, das ofertas económicas
- Proposta de adxudicación, se procede.

3.- 2023/CONTRAT/000110: BEIRARRÚAS NA AVDA. ERNESTO CHE GUEVARA

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede.





1.- 2023/CONTRAT/000065: EXECUCIÓN DUN EDIFICIO MULTIUSOS EN BASTIAGUEIRO

No uso das facultades delegadas polo Pleno da Corporación; a Xunta de Goberno Local en sesión que tivo lugar o día 25 de maio do 2023, aprobou o expediente administrativo para a contratación, por medio de procedemento aberto, da obra denominada “EXECUCIÓN DUN EDIFICIO MULTIUSOS EN BASTIAGUEIRO”.

O importe de licitación é de 9.691.007,38 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (2.035.111,55 €), o que supón un importe de 11.726.118.93 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas enviouse anuncio ao DOUE o día 21 de xullo do 2023 sendo publicado o día 26 de xullo do 2023; e, ademais, publicouse tamén anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 23 de xullo do 2023 (anuncio de licitación) e 24 de xullo do 2023 (documento pregos) así como unha posterior rectificación destes últimos o día 8 de agosto do 2023.

Rematado o día 21 de agosto do 2023 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
U.T.E. CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. – INGENIERÍA Y CONSTRUCCIONES MELCOR, S.L. – ÁBACO CR, S.L.	B15072713 B70240593 B70405857	21-08-2023 17:52

A Mesa de Contratación reunida o pasado día 28 de agosto do 2023 procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e acordou admitir a todas elas a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”, o cal foi remitido a informe do Comité de Expertos nomeado ao efecto para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XI do PCAP.

O Comité de Expertos emitiu informe de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor, o cal consta no expediente; asinado por D^a Ana María Fernández Vázquez, D. Marcos Mateos Vázquez e D. Alfredo Garrote Pazos.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomara coñecemento do devandito informe e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida no sobre nº 3 denominado “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que asiste D^a Cristina Coladas Rodríguez en representación de APECCO, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 3.





Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

EMPRESAS	CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS				PUNTUACIÓN TOTAL SOBRES "B"
	PROGRAMA DE CONSTRUCCIÓN DAS OBRAS	MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROCESO DE EXECUCIÓN	MEMORIA DO PLAN DE MANTENIMENTO	PROGRAMA DE ACTUACIÓNS AMBIENTAIS	
UTE LÓPEZ CAO – MELCOR - ÁBACO	10,00 / 15,00	27,75 / 30,00	9,75 / 10,00	4,50 / 5,00	52,00 / 60,00

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		UTE LÓPEZ CAO – MELCOR - ÁBACO
Oferta económica	Importe	9.579.560,00 € 11.591.267,60 € (co IVE)
	Puntos	30,00 / 30,00
Incremento prazo garantía	Si / Non	Si. 4 anos
	Puntos	10,00 / 10,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 3		40,00 / 40,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	U.T.E. CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. – INGENIERÍA Y CONSTRUCCIONES MELCOR, S.L. – ÁBACO CR, S.L.	B15072713 B70240593 B70405857	52,00 / 60,00	40,00 / 40,00	92,00 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida; coa abstención de D^a Ana María Vázquez Fernández por formar parte do Comité de Expertos que avaliou o sobres nº 2 das ofertas presentadas; adopta o seguinte acordo:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado “EXECUCIÓN DUN EDIFICIO MULTIUSOS EN BASTIAGUEIRO” á UTE formada polas empresas “CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. – INGENIERÍA Y CONSTRUCCIONES MELCOR, S.L. – ÁBACO CR, S.L.” por un importe de 9.579.560,00 € (11.591.267,60 €, IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





2.- 2023/CONTRAT/000069: ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE PARQUES E XARDÍNS.

Por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 202304121, de 14 de agosto, aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración denominada "ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE PARQUES E XARDÍNS".

O importe de licitación é de 14.500,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (3.045,00 €), o que supón un importe de 17.545,00 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 14 de agosto do 2023.

Rematado o día 29 de agosto do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nombre de la Empresa	Nº Identificación	Fecha y hora de presentación de oferta
ALFESTAL SL	B85847168	29-08-2023 21:30
ARTIC INFRASTRUCTURES MANAGEMENT, S.L.	B87291233	28-08-2023 23:51
BOSCO INGENIERIA S.L.	B67811364	28-08-2023 09:35
E-ADJUDICA S.L.	B72375025	19-08-2023 19:03
EGUESAN ENERGY, SL	B76019777	29-08-2023 16:26
Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L.	B85097962	28-08-2023 14:34
In-Cubed Ingeniería, Innovación, Investigación S.L.L.	B70447693	25-08-2023 12:10
INGENIERIA SANPE SL	B34267252	29-08-2023 17:40
INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS S.L.	B87629200	29-08-2023 14:50
Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (iPRENOR)	B15856339	29-08-2023 17:26
ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	B70248869	25-08-2023 13:34
PW Advisory & Capital Services, S.L.	B86834256	29-08-2023 10:48
REY CAMPOS INGENIEROS S.L.	B72688997	29-08-2023 14:54
SGS Tecnos, SA	A28345577	25-08-2023 15:56
SOLUCIONES TECNICAS DE OCIO, S.L.	B70540554	29-08-2023 10:34





Nombre de la Empresa	Nº Identificación	Fecha y hora de presentación de oferta
ZENIT INGENIERIA Y CONSULTORIA S.L.P.	B34278127	24-08-2023 19:52

A Mesa de Contratación reunida o día 31 de agosto do 2023 procedeu á apertura dos arquivos ou sobres electrónicos Únicos presentados polas empresas licitadoras denominados “Documentación administrativa e proposición” e detectou que as empresas “Bosco Ingeniería, S.L.” e “Rey Campos Ingenieros, S.L.” presentaban os seguintes defectos na súa documentación administrativa:

- BOSCO INGENIERIA S.L.: Non consta a súa inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Sector Público ou no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia. De conformidade coa cláusula 2.2.4.c) do PCAP, e, en cumprimento do establecido no artigo 159.4.a) LCSP, os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través do procedemento simplificado, deberán estar inscritos nun dos rexistros anteriores. A inscrición deberá de ter como límite a data final de presentación de ofertas.
- REY CAMPOS INGENIEROS S.L.: Non consta a súa inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Sector Público ou no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia. De conformidade coa cláusula 2.2.4.c) do PCAP, e, en cumprimento do establecido no artigo 159.4.a) LCSP, os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través do procedemento simplificado, deberán estar inscritos nun dos rexistros anteriores. A inscrición deberá de ter como límite a data final de presentación de ofertas.

A Mesa de Contratación admitiunas provisionalmente e concedeulle a estas empresas un prazo de tres días hábiles para a emenda destes defectos.

Dentro do prazo concedido, tanto “Bosco Ingeniería, S.L.” como “Rey Campos Ingenieros, S.L.” presentaron a documentación que consideraron oportuna para a emenda dos defectos detectados.

Así, a Mesa de Contratación reunida o día 7 de setembro do 2023, en acto non público, comprobou que “Bosco Ingeniería, S.L.” presentou, de acordo co disposto na cláusula 2.2.4.c) do PCAP, solicitude de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Sector Público dentro do prazo de presentación de ofertas; pero “Rey Campos Ingenieros, S.L.” presentou documento manifestando que presentaron solicitude de inscrición no mesmo Rexistro, pero unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas.

En consecuencia, a Mesa acordou admitir definitivamente á empresa “BOSCO INGENIERÍA, S.L.” (B67811364) a esta licitación e excluír á empresa “REY CAMPOS INGENIEROS, S.L.” (B72688997) por non ter emendado os defectos detectados na documentación presentada.

A continuación, a Mesa procedeu á apertura das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas e comprobou que as ofertas presentadas por EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. e INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS, S.L. estarían en situación de oferta anormalmente baixa, polo que lles concedeu un prazo de cinco días hábiles para que xustificasen as





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

ofertas presentadas nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.

O día 14 de setembro do 2023, “Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L.” presenta a documentación que considera oportuna para xustificar a súa oferta económica. O día 15 de setembro do 2023 preséntaa “Ingeniería, Estudios y Proyectos Europeos, S.L.”. Esta documentación é remitida aos servizos técnicos para que a examinen e emitan informe ao respecto.

O día 21 de setembro do 2023, don Ramón E. Martín Palma, Coordinador do departamento de Servizos Municipais, e D. David Puñal Prol, Xefe da unidade de Parques e Xardíns; asinan informe técnico valorando a documentación xustificativa presentada polas empresas.

Xa que logo, procedería dar conta á Mesa de Contratación do informe emitido ao respecto e, se é o caso, realizar o acto de valoración das ofertas económicas admitidas.

Así, neste intre, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, procédese a dar conta do informe técnico emitido ao respecto. Neste informe -que se publicará na PLACSP para o seu coñecemento por calquera interesado/a-, os técnicos consideran xustificada a oferta económica presentada por “Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L.”, pero non a de “Ingeniería, Estudios y Proyectos Europeos, S.L. (INESPRO)”;

e conclúe:

“.../...”

Así as cousas **PROPONSE:**

Non se teña por xustificada a oferta anormalmente baixa presentada pola empresa INESPRO, S.L. con CIF B87629200 ao non cumprir cos medios persoais solicitados na Memoria Xustificativa nin coa asistencia técnica de topografía indicada, así como non cinguirse ao sinalado no citado art. 149 LCSP

Se teña por xustificada a oferta anormalmente baixa presentada pola empresa EPTISA, S.L. con CIF B85097962 ao axustarse ao sinalado no citado art. 149 LCSP e desprenderse da súa oferta a experiencia e capacidade necesaria para o cumprimento do contrato.

É canto se ten a ben informar neste asunto, non obstante a mesa decidirá conforme o seu mellor criterio”

En consecuencia, tendo en conta o informe técnico emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a esta licitación a oferta presentada por “EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.” por considerar xustificada a oferta anormalmente baixa presentada.

SEGUNDO.- Excluir desta licitación a oferta presentada por “INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS, S.L.” ao non considerar xustificada a oferta anormalmente baixa presentada.

A continuación, os servizos económicos da Mesa proceden á valoración das ofertas económicas admitidas, resultando:





**CONCELLO DE
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Nombre de la Empresa	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	PUNTUACIÓN
ALFESTAL SL	10.980,00 €	90,44 / 100
ARTIC INFRASTRUCTURES MANAGEMENT, S.L.	13.200,00 €	41,86 / 100
BOSCO INGENIERIA S.L.	11.607,25 €	80,90 / 100
E-ADJUDICA S.L.	10.914,95 €	91,41 / 100
EGUESAN ENERGY, SL	10.990,00 €	90,29 / 100
Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L.	10.350,00 €	100 / 100
In-Cubed Ingeniería, Innovación, Investigación S.L.L.	13.150,00 €	43,45 / 100
INGENIERIA SANPE SL	12.035,00 €	74,41 / 100
Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (iPRENOR)	13.750,00 €	24,13 / 100
ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	12.082,86 €	73,68 / 100
PW Advisory & Capital Services, S.L.	12.993,41 €	48,49 / 100
SGS Tecnos, SA	12.000,00 €	74,93 / 100
SOLUCIONES TECNICAS DE OCIO, S.L.	11.919,00 €	76,17 / 100
ZENIT INGENIERIA Y CONSULTORIA S.L.P.	11.990,00 €	75,09 / 100

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	PUNTUACIÓN
1	Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L.	B85097962	100 / 100
2	E-ADJUDICA S.L.	B72375025	91,41 / 100
3	ALFESTAL SL	B85847168	90,44 / 100
4	EGUESAN ENERGY, SL	B76019777	90,29 / 100
5	BOSCO INGENIERIA S.L.	B67811364	80,90 / 100
6	SOLUCIONES TECNICAS DE OCIO, S.L.	B70540554	76,17 / 100
7	ZENIT INGENIERIA Y CONSULTORIA S.L.P.	B34278127	75,09 / 100
8	SGS Tecnos, SA	A28345577	74,93 / 100
9	INGENIERIA SANPE SL	B34267252	74,41 / 100
10	ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	B70248869	73,68 / 100
11	PW Advisory & Capital Services, S.L.	B86834256	48,49 / 100
12	In-Cubed Ingeniería, Innovación, Investigación S.L.L.	B70447693	43,45 / 100
13	ARTIC INFRASTRUCTURES MANAGEMENT, S.L.	B87291233	41,86 / 100
14	Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (iPRENOR)	B15856339	24,13 / 100





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

TERCEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado “ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE PARQUES E XARDÍNS” á empresa “EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.” (B85097962) por un importe de 10.350,00 € (12.523,50 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





3.- 2023/CONTRAT/000110: BEIRRARRÚAS NA AVDA. ERNESTO CHE GUEVARA

Por Decreto da Alcaldía nº 2023004144, de 17 de agosto do 2023, aprobouse o procedemento aberto para a contratación da obra denominada “BEIRRARRÚAS NA AVDA. ERNESTO CHE GUEVARA”.

O importe de licitación é de 298.739,54 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (62.735,30 €), o que supón un importe de 361.474,84 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 17 de agosto do 2023.

Rematado o día 12 de setembro do 2023 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	12-09-2023 11:41
CIVIS GLOBAL, S.L.U.	B36684157	12-09-2023 12:27
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	B15081847	12-09-2023 16:02
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	B15411705	12-09-2023 18:41

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 15 de setembro do 2023, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

Con respecto á empresa “ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.” (B15411705), a Mesa detectou que a empresa manifestou que vai a subcontratar unha parte do contrato cunha determinada empresa que identifica, pero non achega o DEUC da empresa subcontratista, tal como se establece no anexo III, apartado “aclaracións”, punto 4 do PCAP.

Para unha maior eficacia, economía e celeridade no procedemento de licitación, a Mesa decidiu admitir a esta empresa e, no caso de resultar adxudicataria, deberáselle requirir que presente o DEUC da empresa subcontratista xunto coa documentación a que fai referencia a cláusula 2.3.2 do PCAP.

A continuación procedeuse a apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 2, o cal foi remitido a informe dos servizos técnicos para a súa avaliación de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XI do PCAP.

O día 20 de setembro do 2023, don José Luis Jares Vázquez, Arquitecto Técnico Municipal, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomara coñecemento do devandito informe e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida no sobre nº 3 denominado “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.





Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que asiste D^a Cristina Coladas Rodríguez en representación de APECCO, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 3.

Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

NOME DA EMPRESA	PROGRAMA DE TRABALLO)
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	26,00 / 50,00
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	38,50 / 50,00
CIVIS GLOBAL, S.L.U.	38,00 / 50,00
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	48,00 / 50,00

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		LÓPEZ CAO	CIVIS GLOBAL	CERNADAS	ARINES
Oferta económica, sen IVE	Importe	295.750,00 € 357.857,50 €, co IVE	274.959,87 € 332.701,44 €, co IVE	291.270,99 € 352.437,90 €, co IVE	297.741,71 € 360.267,47 €, co IVE
	Puntos	1,40 / 30,00	11,14 / 30,00	3,50 / 30,00	0,46 / 30,00
Incremento do prazo de garantía	Anos	Si. 4 Anos	Si. 4 anos	Non	Non
	Puntos	5,00 / 5,00	5,00 / 5,00	0,00 / 5,00	0,00 / 5,00
Mellora 1: Redución prazo redacción e presentación PSS	Si / Non	Si. 1 semana	Si. 1 semana	Si. 1 semana	Si. 1 semana
	Puntos	5,00 / 5,00	5,00 / 5,00	5,00 / 5,00	5,00 / 5,00
Mellora 2: Acreditación normas ISO	Si / Non	Si. Os 3 ISOS	Si. Os 3 ISOS	Si. 2 ISOS, o 9001 e o 14001	Si. Os 3 ISOS
	Puntos	4,50 / 4,50	4,50 / 4,50	3,00 / 4,50	4,50 / 4,50
Mellora 3: Recrecido de tapas	Si / Non	Si	Si	Si	Si
	Puntos	1,50 / 1,50	1,50 / 1,50	1,50 / 1,50	1,50 / 1,50
Mellora 4: Utilización áridos reciclados	Si / Non	Si. Máis do 10%	Si. Máis do 10%	Si. Máis do 10%	Si. Máis do 10%
	Puntos	4,00 / 4,00	4,00 / 4,00	4,00 / 4,00	4,00 / 4,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 3		21,40 / 50,00	31,14 / 50,00	17,00 / 50,00	15,46 / 50,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	48,00 / 50,00	21,40 / 50,00	69,40 / 100,00
2	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	B36684157	38,00 / 50,00	31,14 / 50,00	69,14 / 100,00
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	B15081847	38,50 / 50,00	17,00 / 50,00	55,50 / 100,00
4	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	B15411705	26,00 / 50,00	15,46 / 50,00	41,46 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado "BEIRARRÚAS NA AVDA. ERNESTO CHE GUEVARA" a empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. (B15072713) por un importe de 295.750,00 € (357.857,50 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e prace da Presidenta.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don José Manuel Díaz García, e a presidenta da Mesa de Contratación D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación

